



SERVIZO
GALEGO
DE SAÚDE

ÁREA SANITARIA DE VIGO



Xacobeo 21-22

USO DE INHALADORES CON CÁMARA ESPACIADORA



Servizo de Pediatría



1

Uso da cámara con máscara en menores de 4 anos

2

Uso da cámara con embocadura para nenas/os de 4 a 7 anos

3

Uso da cámara con embocadura en maiores de 7 anos

4

Recomendacións xerais

5

Mantemento/limpeza da cámara

1

Uso da cámara con máscara en menores de 4 anos

- Destapar, axitar e adaptar o inhalador á cámara.
- Colocar a cámara de forma que a máscara cubra a boca e o nariz, o máis axustado posible á cara.
- Pulsar o inhalador unha vez (1 dose) coa cámara en posición horizontal.
- Manter así mentres fai 5 respiracións (contar amodo ata 10 segundos).
- Retirar a cámara da cara.
- Para doses sucesivas esperar 1 minuto entre cada unha repetindo o proceso.
- Lavar a boca e a cara sempre ao finalizar.

2

Uso da cámara con embocadura para nenas/os de 4 a 7 anos

- Destapar, axitar e adatar o inhalador á cámara.
- Meter na boca a embocadura da cámara selándoa ben cos beizos.
- Pulsar o inhalador unha vez (1 dose) coa cámara en posición horizontal.
- Manter así mentres fai 5 respiracións (contar amodo ata 10 segundos).
- Retirar a cámara da boca.
- Para doses sucesivas esperar 1 minuto entre cada unha, repetindo o proceso.
- Lavar a boca sempre ao finalizar.

3

Uso da cámara con embocadura en maiores de 7 anos

- Destapar, axitar e adaptar o inhalador á cámara.
- Meter na boca a embocadura da cámara selándoa ben cos beizos.
- Expulsar todo o aire lentamente pola embocadura.
- Pulsar o inhalador unha vez (1 dose) coa cámara en posición horizontal.
- Realizar unha inspiración lenta e profunda e aguantar a respiración 5-10 segundos sen retirar a cámara da boca.
- Expulsar o aire pola boca lentamente sen retirar a cámara da boca.
- Respirar da mesma maneira unha vez máis, para baleirar a cámara por completo.
- Eliminar o aire pola boca lentamente.
- Retirar a cámara da boca.
- Para doses sucesivas esperar 1 minuto entre cada unha repetindo o proceso.
- Se non aguanta a respiración, debe respirar forte pola boca 7-8 veces.
- Lavar a boca sempre ao finalizar.

4

Recomendacións xerais

- O neno/a estará sentado/a coas costas o máis rectas posible.
- Sempre hai que axitar o inhalador antes de cada dose.
- Realizar sempre hixiene facial/bucal despois das inhalacións.
- O pranto en nenos/ as pequenos/as diminúe a eficacia do tratamento. Se non é posible que non chore pódese administrar os puff durmido.
- Cada neno/a debe usar a seu propia cámara.
- Se hai que administrar varios fármacos diferentes, espéranse 10 minutos entre cada un. Primeiro adminístrase o broncodilatador. Úsase a mesma cámara para os distintos medicamentos.
- Se ten que acudir aos servizos sanitarios, levará a súa propia cámara de inhalación.
- Nunca usar o inhalador presurizado sen cámara espaciadora.

5

Mantenemento e limpeza da cámara

- **Antes de usala por primeira vez** (cámara nova): e despois de que estea lavada e seca, impregnar a cámara co inhalador aplicando 5 puff ao aire e esperar 5 minutos antes do seu uso no neno/a.
- **Despois**, lávase unha vez á semana da seguinte forma:
 - Separar todas as pezas da cámara e mergullalas durante 15 minutos en auga morna cun deterxente suave.
 - Pasado o tempo, aclarar con auga.
 - Deixar secar ao aire, sen fregar.
 - Cando sequen volver montar a cámara.
- **Limpeza do inhalador**, unha vez á semana, da seguinte forma:
 - Extráese o cartucho e límpase a carcasa externa con auga e xabón suave.
 - Deixar secar ao aire.
- **Cando cambiar a cámara:**
 - Ao ano de uso continuado ou antes se as pezas están en mal estado.



Elaboración: Urgencias Pediátricas _Unidade de Calidade
Codificación: URP - Info/02_ed00_gal
Data: 20/01/2022